


DÍA DAS TERRAS GALEGAS



Xosé María Álvarez Blázquez





Anos da infamia

Xulio Valcárcel

É común a todos os homes unha época oscura? Unha etapa de mínimos vitais? Na recente entrega do Premio

Cervantes, o poeta arxentino Juan Gelman lembrou a necesidade de sandar as feridas para poñer as cousas no seu lugar. Falou Gelman dos milleiros de persoas aos que se privou “da súa propia morte”. Privar da propia morte, un concepto interesante. A el desaparecéronlle un fillo e a nora. A neta, nacida en cautiverio, foi adoptada polos captores e descuberta a súa auténtica identidade moitos anos máis tarde.

Os anos da Guerra Civil foron trágicos para a familia Álvarez Blázquez. Xosé María falaba con devoción e amargura de Alexandre Bóveda, o seu curmán político.

Estudando maxisterio en Pontevedra coñece e trata a Bóveda. A militancia nas Mocidades Galeguistas, ademais do vencello familiar con Amalia, a muller de Alexandre, intensifica a relación. A morte de Bóveda, a violencia extrema exercida sobre a súa persoa, deixará en Xosé María unha fonda ferida.

Así o expresa Álvarez Cáccamo cando recorda: “daquela dor, da declaración expresa dese sentimento de ira e tristura, desconsolo e orgullo fronte á posición política dos familiares que foron vítimas do golpe militar de 1936, chéganme rumores de memoria, confidencias que o meu pai reservaba, pois a rememoración dos días de terror e sufrimento facíalle moito dano”.

E non había de facerlle, cando o propio pai de Xosé María Álvarez

Blázquez, médico en Tui, caera abatido polas balas asasinas. Escoitemos o testemuño que segue no relatorio de Cáccamo, “sei por el que desde a casa do Rollo, todos, a nai e os fillos, escoitaran coas primeiras luces do día 30 de outubro o estoupido dos tiros que segaron a vida de Darío Álvarez Limeses.”

Ao parecer, uns días antes Xosé María fixera xestións cabo dun militar golpista a fin de que intervirá, desde unha certa amizade, a prol da conmutación da pena, algo que finalmente se consegue, pero non prospera pola traicionreira e vingativa intervención duns infames que con asañada ferocidade reteñen a orde de sustitución da condena a morte por trinta anos de prisión, ata que xa o crime se tiña producido.

Os anos da Guerra Civil foron trágicos para a familia Álvarez Blázquez

A miseria moral daqueles días aciagos chegaba a iso, a entorpecer as manobras destinadas á indulxencia, á piedade, á xustiza. Todo era igual, a farsa estaba en marcha e non houbo maneira de desmontala.

Quen podía facelo eran os máis interesados en que seguise adiante. Mortes violentas que conlevaban outras “colaterais”, como a do tío Xosé, irmán de D. Darío. “O meu tío Xosé Álvarez Limeses saliu da capela, de despedir a Alexandre, e meteuse no leito. Non tiña enfermidade física ningunha.

Tiña unha inmensa, abafante tristura. Finouse de alí a catro días, sen deixar de chorar”. E un irmán de Xosé María, Celso, morrerá como consecuencia da tuberculose contraída na Guerra. E por se non abondasen as desgrazas, o propio Xosé María é privado, por “galeguista e separatista”, da escola de Coia, en



Un xoven Xosé María, vítima directa e indirecta do golpe militar do 36

Vigo, e desterrado a Coreses, en Zamora.

Feridas lañadas a lume na alma do escritor que non poderá esquecer tan terribles experiencias, como podemos observar en “Sonetos del alba insomne”.

Escrito entre 1955 e 1960, non viu sen embargo a luz ata 1999, xa falecido o autor.

Nese libro, no que a lembranza dos anos da Guerra e do desterro está moi viva, atopamos este estremecedor poema no que se refire ao pai fusilado:

**Padre mío, tu frente atormentada
me arde en las manos puras del recuerdo,**

ahora que estoy soñándote y te pierdo por los rincones de la madrugada.

Ahora que quiero hablarte, no me acuerdo de la justa palabra sosegada para tu paz... ¡ Mi voz está quebrada del grito aquel que todavía muerdo!

Callado me tendrás otra mañana; mi adolecida voz adolescente tú te llevaste con mi amor cautiva.

Aguardaré la luz en la ventana y habré de estar así –me arde

tu frente!- con un grito apretado mientras viva.

Insistiu Gelman no seu discurso: “Hay quienes vilipendian este esfuerzo de memoria. Dicen que no hay que remover en el pasado, que no hay que tener ojos en la nuca, que hay que mirar hacia delante y no encarnizarse en reabrir viejas heridas. Están perfectamente equivocados. Las heridas aún no están cerradas. Laten en el subsuelo de la sociedad como un cáncer sin sosiego. Su único tratamiento es la verdad. Y luego, la justicia. Solo así es posible el olvido verdadero”. Nada temos que engadir.

(...) atopamos este estremecedor poema no que se refire ao pai fusilado